



PROCESO DE MÉRITOS TÉCNICOS SANITARIOS

Informa o SERGAS da publicación no **DOG do martes 01.07.25** da Resolución do 19 de xuño de 2025 da Dirección Xeral de RRHH, pola que se modifica a Resolución do 11 de decembro de 2024 pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo de estabilización, polo sistema de **concurso de méritos**, para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario de **persoal sanitario de formación profesional**, convocados mediante a Resolución do 26 de decembro de 2022, relativos á **baremación definitiva e á publicación dos/das aspirantes seleccionados/as, como consecuencia da execución do veredicto xudicial** firme que afecta a dita resolución de convocatoria. As categorías son:

- Técnicos/as en. Farmacia.
- Técnicos/as Superiores en Anatomía Patolóxica e Citoloxía
- Técnicos/as Superiores en Dietética.
- Técnicos Superiores en Hixiene Bucodental.
- Técnicos Superiores en Imaxe para o Diagnóstico.
- Técnicos Superiores en Laboratorio de Diagnóstico Clínico.
- Técnicos/as Superiores en Radioterapia.

Abrirase un prazo para que os **novos profesionais seleccionados** acheguen a documentación requirida (declaración responsable e autorización de acceso ao rexistro). **Os profesionais que xa entregaron a documentación, non teñen que volver a presentala.**

Tal como informamos onte, **a previsión é que a elección de destinos se faga a finais de agosto-primeiros de setembro.**

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

27 de xuño do 2025